

INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2024-25

Detállanse a continuación a información de cara á participación nas actividades de conciliación dirixidas ás familias con menores a cargo do Concello de Brión, con necesidade de conciliación durante as vacacións escolares de Nadal.

ACTIVIDADE

- **DESCRIPCIÓN:** actividades infantís de carácter lúdico destinadas a garantir a conciliación das familias.
- **DATAS:** 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2024 e 2, 3, e 7 de xaneiro de 2024 (9 xornadas)
- **HORARIO:** de 8:00*h a 15:00h, (*coa posibilidade de comezar ás 7:30h no caso de que concurra un número de mínimo 10 participantes que solicite e acredite esta necesidade por motivos de conciliación)
 - **RECEPCIÓN:** de 8:00h (7:30h de ser o caso) a 9:00h
 - **RECOLLIDA:** de 14:00h a 15:00h
- **LUGAR:** Pabillón Polideportivo Municipal de Brión
- **PREZO:** 25€/participante (con posibilidade de bonificación para as familias que soliciten e acrediten necesidade de apoio económico)
- **Nº MÁXIMO DE PRAZAS:** 50 participantes

PARTICIPANTES: requisitos

Ter nacido entre os anos 2012 e 2021 (ambos anos incluídos) e ter o empadramento no Concello de Brión

ORDE DOS CRITERIOS DE ADMISIÓN: no caso de ser preciso por superarse as prazas

- 1º. **Familias que acrediten ter necesidade de conciliación por motivos laborais ou formativos**
- 2º. **Familias que acrediten ter necesidade de conciliación por coidado doutras persoas ao cargo** (persoas coidadoras de dependentes en grado III ou de menores de 3 anos)
- 3º. **Familias con algunha das circunstancias recollidas no Plan Corresponsables 2024:** familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos
- 4º. **Orde de entrada das solicitudes**

INSCRICIÓN

▪ VÍAS DE INSCRICIÓN:

- **Preferentemente por vía telemática** na sede electrónica do Concello de Brión (apartado: servizos sociais → solicitude de inscrición en actividades de conciliación)
- No caso de non poder realizarse por vía telemática, entregalo no **rexistro auxiliar, oficina do Centro Social Polivalente** en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h, ou en calquera outro rexistro recollido para tal fin na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

▪ DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

<u>MODELO DE INSCRICIÓN</u> (OBRIGATORIO)	- ANEXO I (colgado na sede electrónica e na páxina web do concello)
<u>DOCUMENTACIÓN XERAL</u> (OBRIGATORIA)	- Libro de familia ou partida de nacemento da persoa participante - Tarxeta sanitaria da persoa participante - Informe médico <i>*(no caso de ser preciso)</i>
<u>DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA</u> PARA ACREDITAR OS CRITERIOS DE ADMISIÓN (OPCIONAL)	<p>- Para acreditar a necesidade de conciliar por motivos laborais/ formativos: (xustificar por parte de toda/s as persoas responsables das crianzas: nai/s, pai/s, titor/es/as legais): certificado emitido directamente pola empresa/centro formativo, ou de carecer deste, o ANEXO II (colgado na web) asinado pola empresa/centro formativo</p> <p>- Para acreditar a necesidade de conciliar por coidado de persoas dependentes en grao III ou menores de 3 anos: certificado de convivencia, e resolución de dependencia grao III</p> <p>- Familias monoparentais/ monomarentais: certificado de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia</p> <p>- Condición de vítima de violencia de xénero: acreditación de dita condición mediante algunha das formas recollidas na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro</p> <p>- Mulleres en situación de desemprego de longa duración: "Informe de período interrompido en situación de desemprego" expedido polo SEPE</p> <p>- Mulleres solicitantes de + 45 anos: DNI da persoa solicitante</p>

PRAZO DE INSCRICIÓN	PUBLICACIÓN LISTA PROVISIONAL	PUBLICACIÓN LISTA DEFINITIVA	REALIZACIÓN DE PAGOS
Ata o 27 de novembro ás 23:59h	3 de decembro	12 de decembro	Ata o 19 de decembro ás 23:59h

Teléfono de contacto para + info sobre as inscricións: 981 50 99 10 (Bea)